

Tribunal cualificador do proceso selectivo para cubrir dúas prazas da categoría profesional de condutor/a, grupo III, unha pola quenda de promoción interna e outra pola quenda de acceso libre, convocado por resolución reitoral do 4 de novembro de 2022 (DOG 18-11-2022 e BOE 26-12-2022)

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso a categoría profesional de condutor/a, grupo III, da Universidade de Santiago de Compostela en sesión celebrada o día 9 de xuño de 2023, ACORDOU:

PRIMEIRO.-Facer públicos os **criterios de corrección** das probas correspondentes ao primeiro exercicio (coñecemento de idioma galego) que terá lugar o día 6 de xullo de 2023, ás 10.00 horas, na aula 3 da Biblioteca Concepción Arenal. (Convocado en Resolución publicada DOG nº 93 Martes, 16 de mayo de 2023):

O nivel de coñecemento da lingua galega esixido é o correspondente ao Celga 3, tal e como se establece na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2007. Terase en conta tamén o establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

O nivel correspóndese tamén co nivel B2 do Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación, elaborado polo Consello de Europa e do que existe tradución a diversas linguas europeas, entre elas ao galego.

A proba de galego consta de dúas partes, unha parte escrita e outra oral. Os criterios seguidos para avaliar cada unha destas partes son os seguintes:

Proba escrita

Avaliarase a ADECUACIÓN, terase en conta que se resolva a actividade en termos xerais, que se cumpra coa extensión requirida e se traten os puntos esixidos na tarefa cunha información adecuada. Valorarase que o formato textual e o rexistro sexan os adecuados.

Avaliarase a COHESIÓN e a COHERENCIA, que se presente a información organizada, que se faga un uso correcto e variado dos conectores e que se usen de xeito correcto os signos de puntuación.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos. Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a corrección, precisión e amplitude do vocabulario empregado.

Proba oral

Avaliarase a ADECUACIÓN, que se resolva a actividade en termos xerais, que a produción se adapte á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, e que o rexistro empregado sexa o adecuado.

Avaliarase a INTERACCIÓN, que se empreguen estratexias de colaboración co interlocutor e que se faga uso da quenda de palabra con naturalidade.

Avaliarase a COHESIÓN e FLUIDEZ, que se presente a información ben organizada e as ideas ben enlazadas, do xeito máis fluído posible.

Avaliarase a PRONUNCIA e a ENTOACIÓN, que a pronuncia sexa correcta e que se faga un uso axeitado da fonoloxía galega.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos ou sintácticos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a precisión e amplitude do vocabulario empregado.

SEGUNDO: Convocar as probas do primeiro exercicio da fase de oposición (probas de lingua galega) o **día 6 de xullo de 2023, ás 10.00 horas, na aula 3 da Biblioteca Concepción Arenal:**

Primeira proba.-Comprensión escrita ou comprensión oral + expresión escrita. A duración máxima desta proba será de noventa minutos.

Segunda proba.-Comprensión escrita ou comprensión oral + expresión oral. A duración máxima desta proba será de quince minutos por persoa aspirante.

TERCEIRO: Informase dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- A persoa aspirante deberá vir provista de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte)
- A persoa aspirante deberán de vir provista de bolígrafo azul ou negro.
- Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.
- A entrada á proba será por chamamento, que se iniciará ás 10:00 horas

O presidente do Tribunal,
José Ramón Basante Barbazán

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE RAMON BASANTE BARBAZAN, XEFE A DA SUBAREA ECONOMICA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 26/06/2023 11:14:41.

CSV: F5A5-385E-427E-BDC7